

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/88-1
Entidade	MERGULLADORES DO LONGUEIRON DE FISTERRA, S. COOP. GALEGA	
Plan explotación⁽¹⁾	ALGAS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	<i>Undaria pinnatifida, Laminaria hyperborea, Laminaria ochroleuca, Laminaria saccharina, Himanthalia elongata e Ulva rigida</i>
Ámbito do plan	De cabo Fisterra a punta Larada
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	4	12
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	30											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾:	mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación	Mergullador enrolado e a bordo/día
<i>Undaria pinnatifida</i>	-	-	150 kg
<i>Laminaria hyperborea</i>	-	-	50 kg
<i>Laminaria ochroleuca</i>	-	-	100 kg
<i>Laminaria saccharina</i>	-	-	50 kg
<i>Himanthalia elongata</i>	-	-	50 kg
<i>Ulva rigida</i>	-	-	50 kg

Artes a empregar:	Coitelo e recollida a man mediante a técnica de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
--------------------------	--

Puntos de control	Portos de Fisterra e Corcubión.
Puntos de venda	Lonxas e centros de vendas autorizados



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito do plan: exclúese do ámbito deste plan a zona delimitada como reserva mariña de interese pesqueiro *Os Miñarzos* cuxos límites son os seguintes:

Punta Larada	42° 50.408´N	9° 06.359´W
Cuberto	42° 49.608´N	9° 09.535´W
Miñarciño	42° 48.608´N	9° 10.490´W
Miñarzos	42° 47.843´N	9° 10.640´W
Cabezo Figueroa	42° 47.072´N	9° 09.647´W
Lombo da Campa	42° 47.151´N	9° 07.872´W

A explotación de algas dentro da reserva desenvolverase conforme ao Plan de Xestión Integral aprobado para o seu ámbito. Así pois, segundo o Plan de Xestión aprobado, dentro da reserva non está autorizada a extracción deste recurso.

Días máximos de extracción: A falla de actividade neste plan, imposibilita que se poda facer un seguimento da evolución tanto das zonas de extracción como da produción das distintas especies obxecto de explotación, de cara a valorar se o esforzo que se está a aplicar é o adecuado ou se cabería a posibilidade de incrementalalo. Por isto, non se acepta a proposta de incremento do número de días de extracción con respecto ao plan en vigor, quedando fixado en



30 días ao ano.

De manterse a tendencia **de inactividade deste plan** de explotación (nin 2008 nin 2009 se rexistra actividade algunha) e de seguir sen realizarse avaliación biolóxica, a viabilidade da explotación quedaría comprometida para o seguinte plan que se presente.

Topes de captura: Non se acepta a proposta de incremento dos topes de captura respecto do plan en vigor, en base á mesma razón que desaconsella o incremento dos días máximos de extracción.

Puntos de control: tendo en conta o escaso número de embarcacións e mergulladores, os puntos de control establecidos son os que figuran na ficha técnica. Deberán elaborar as normas de funcionamento dos puntos de control e designar ás persoas responsables

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersiones necesarias para a execución do plan, sempre que o plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2010.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

Deberán **achegar** a seguinte documentación:

- Sistema de funcionamento do punto de control e persoas responsables.